

EXAME PRÁCTICO TÉCNICO INVESTIGACIÓN

BLOQUE 1 (máximo 18 puntos / mínimo para aprobar 12,5puntos)

Comentado [LL1]: 12,5 es el mínimo para aprobar. El mínimo de la prueba son 0 puntos.

PROBA 1 Identificación de idade e cambio de cubeta (6 puntos máximo)

A proba realizarase na MESA1:

O/a aspirante deberá de escoller un sobre dun total de 6 (cada un deles terá unha tarxeta no interior, numeradas do 1 ao 6). Estes sobres estarán colocados sobre a mesa.

Nunha estantería anexa haberá 6 cubetas (numeradas do 1 ao 6) e o/a aspirante deberá coller a que lle saia no sobre e traballar con eses animais.

A numeración das cubetas poderá cambiarse durante o día, co fin de que, por exemplo, o número 5 non sexa sempre a mesma, etc.

Puntuación:

- Correcta execución (data nacemento animal +/- 1 día) = 4 puntos
- Destreza e manipulación: máximo 1 punto.
- Benestar animal: máximo 1 punto

PROBA 2 Sexado de animais. (6 puntos máximo)

A proba realizarase na MESA 2:

Puntuación:

- Correcta execución: 0 fallos 4 puntos
- Destreza e manipulación: máximo 1 punto
- Benestar animal: máximo 1 punto

PROBA 3 Presentación dun animal para unha técnica. (6 puntos máximo)

A proba realizarase na MESA 3:

O/a aspirante deberá de escoller un sobre dun total de 6 (cada un deles terá unha tarxeta no interior identificando a técnica a levar a cabo). Estes sobres estarán colocados sobre a mesa.

As técnicas serán:

1. Identificación dun animal mediante sacabocados (rato)
2. Administración intraperitoneal en rato
3. Administración subcutánea en rato

4. Administración intravenosa en rata
5. Medición impedancia en rata
6. Introducción sonda esofáxica en rata

Puntuación:

- Correcta execución:
 - 1º intento: 4 puntos
 - 2º intento: 2 puntos
 - + 2 intentos: 0 puntos
- Axilidade e destreza: máximo 1 punto
- Benestar animal: máximo 1 punto

BLOQUE 2 (máximo 12 puntos)

O/a aspirante só fará 2 probas (deberá escoller 1 sobre de entre 3). Dita selección do sobre realizarase ao comezo da proba de cada un das persoas candidatas.

Sobre: proba 4-5

Sobre: proba 5-6

Sobre: proba 4-6

PROBA 4 Cambio semanal dunha cubeta (6 puntos máximo)

A proba realizarase na MESA 4:

O/a aspirante deberá de escoller un sobre dun total de 6 (cada un deles terá unha tarxeta no interior, numeradas do 1 ao 6). Estes sobres estarán colocados sobre a mesa.

1. Cubeta con 1 rato C57
2. Cubeta con varios ratos C57
3. Cubeta con 1 rato Swiss
4. Cubeta con varios Swiss
5. Cubeta con 1 rata
6. Cubeta con varias ratas

Nunha estantería anexa haberá 6 cubetas (numeradas do 1 ao 6) e o/a aspirante deberá coller a que lle saia no sobre e traballar con eses animais.

A numeración das cubetas poderá cambiarse durante o día, co fin de que, por exemplo, o número 4 non sexa sempre a mesma, etc. Tamén se poderá cambiar o grado de suciedade, nivel de auga e cantidade de penso

Puntuación:

- Cambio correcto de cubeta: 2 puntos
- Cambio correcto de penso: 2 puntos
- Cambio correcto de auga: 2 puntos

PROBA 5 Expedición animais (6 puntos máximo)

A proba realizarase na MESA 5:

O/a aspirante deberá preparar un envío de animais. Deberá ademais de valorar a densidade de animais, en función do peso, valorar tamén o custo económico das caixas de transporte a empregar (2 pequenas = 1 grande).

Presentaranse 2 tipos de caixas de transporte: 1 de 630 cm² e outra de 1290 cm². Cada modelo presenta un separador que divide as caixas en 2 partes iguais.

O/a aspirante deberá de escoller un sobre dun total de 8. Dentro de cada sobre identificaranse os animais a enviar.

1. 4 machos + 4 femias de rato 25-30g
2. 4 machos +4 femias de rato <20g
3. 10 ratos < 20g
4. 7 ratos de 25-30 g
5. 3 machos + 3 femias de <200g
6. 2 machos + 3 femias ratas de 200-250g
7. 6 ratas de <200g
8. 5 ratas de 200-25g

Nunha estantería anexa haberá cubetas con animais e o/a aspirante deberá escoller a que conteña os animais cos que teña que traballar.

Valorarase o uso de enriquecemento, hidroxel para beber e adición de penso na caixa de transporte. Tamén a asepsia e a identificación dos animais

Puntuación:

- Densidade correcta: máximo 3 puntos (incluído enriquecemento, auga e bebida)
- Asepsia: 1 puntos
- Supervisión animais: 1 punto
- Identificación animais: 1 punto

O/a aspirante deberá deixar por escrito todo o proceso realizado. Incluído os cálculos de ser necesarios.

PROBA 6 Recepción de animais (6 puntos máximo)

A proba realizarase na MESA 6:

O/a aspirante deberán estabular os animais que se presentarán dentro dunha caixa de transporte. Serán ratos, nunha caixa con 2 compartimentos.

Puntuación:

- Secuencia correcta: máximo 3 puntos (incluído enriquecemento, auga e bebida)
- Asepsia: 1 puntos
- Supervisión animais: 1 punto
- Identificación animais: 1 punto

O/a aspirante deberá deixar por escrito todo o proceso realizado.